



## **ERTES POR FORZA MAIOR SEGUNDO O REAL DECRETO-LEI 2/2021, DE 26 DE XANEIRO, DE REFORZO E CONSOLIDACIÓN DE MEDIDAS SOCIAIS EN DEFENSA DO EMPREGO.**

O Real Decreto-lei 2/2021, de 26 de xaneiro, regula as prórrogas dos ERTES vixentes no momento da súa publicación e as exoneracións de cotas empresariais á Seguridade Social que se lles apliquen; tanto os de Forza Maior como por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción, así como a posibilidade de solicitar novos ERTES, ou de modificar a condición ou cualificación dos ERTES por limitación de actividade a ERTE por impedimento ou viceversa ou de pasar dun ERTE por Forza Maior a un ERTE por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción.

Coa finalidade de facilitar a tramitación destes novos procedementos trala aprobación do Real Decreto-lei 2/2021, de 26 de xaneiro, por parte das empresas con centros de traballo na Comunidade de Galicia, a Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Emprego e Igualdade procede a informar o seguinte:

### **PRÓRROGAS DOS ERTES**

- 1 Prorróganse automaticamente ata o 31 de maio de 2021, os ERTES de Forza Maior vixentes á data de 27 de xaneiro de 2021 que se relacionan a continuación:
  - 1.1 Os autorizados segundo o artigo 22 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19.
  - 1.2 Os autorizados segundo a Disposición Adicional Primeira, punto 2º, do Real Decreto-lei 24/2020, do 26 de xuño, denominados ERTES por rebrote.
  - 1.3 Os autorizados segundo o artigo 2.1 do Real Decreto-lei 30/2020, de 29 de setembro, denominados como ERTES por impedimento.
  - 1.4 Os autorizados segundo o artigo 2.2 do Real Decreto-lei 30/2020, de 29 de setembro, denominados como ERTES por limitación de actividade.
- 2 Prorróganse igualmente:
  - 2.1 As declaracións expresas ou por silencio, que afectan a empresas declaradas integrantes de Cadea de Valor ou que o seu negocio dependa, indirectamente e na súa maioría, de empresas incluídas nos CNAE do anexo do Real Decreto-lei 2/2021, de 26 de xaneiro.
  - 2.2 Os autorizados a empresas ou entidades que pertencen a sectores cunha elevada taxa de cobertura de expediente de regulación temporal de emprego e unha reducida taxa de recuperación de actividade (aqueles cuxas actividades se clasifiquen nos CNAE do Anexo do Real Decreto-lei 2/2021, de 26 de xaneiro)





Por tratarse dunha prórroga automática, a empresa ou entidade NON ten que iniciar un expediente ante a Dirección Xeral de Relacións Laborais, e en consecuencia, non é necesaria ningunha tramitación nin resolución por parte desta dirección.

### **NOVAS SOLICITUDES**

Aquelas empresas ou entidades que se vexan afectadas por novas restricións e medidas de contención, e que non teñan vixente ningún ERTE, poderán solicitar un **novo ERTE por impedimento ou limitación** empregando a sede electrónica da Xunta de Galicia (modelo TR820C).

A tramitación destes ERTES realizarase segundo as normas e procedementos establecidos no artigo 2 do Real Decreto-lei 30/2020, de 29 de setembro (informe potestativo da Inspección de Traballo e Seguridade Social).

As exoneracións dos ERTES por impedimento serán as que se sinalan no Real Decreto-lei 30/2020, de 29 de setembro, e as exoneracións dos ERTES por limitación de actividade serán as do novo Real Decreto-lei 2/2021, de 26 de xaneiro.

Nos dous tipos de ERTE, as medidas de suspensión de contratos ou de redución de xornada terán efectos dende o 1 de febreiro ata o 31 de maio de 2021.

### **EMPRESAS CON ERTES DE LIMITACIÓN OU IMPEDIMENTO XA AUTORIZADOS**

Si como consecuencia das novas medidas restritivas que adopten as autoridades competentes -estatais ou autonómicas- a empresa ou entidade considera que o ERTE que ten autorizado e vixente, por impedimento ou limitación de actividade, non responde ou non se adapta as necesidades ou situación que ten a súa actividade nese momento, poderá variar ou cambiar de tipo de ERTE (isto é, pasar dun de limitación a un por impedimento ou viceversa), sen que resulte necesario tramitar un novo ERTE ante a Xunta de Galicia.

Para cambiar, variar ou transitar de situación ou cualificación dun ERTE xa autorizado, as empresas ou entidades unicamente deberán presentar unha comunicación empregando a sede electrónica da Xunta (modelo TR820V).

Na comunicación debe constar:

- a modificación da cualificación do ERTE, e dicir, se se pasa a un ERTE por impedimento ou a un ERTE por limitación, ou viceversa.
- data na que ten lugar o cambio
- os centros de traballo afectados polo cambio de situación ou cualificación do ERTE
- o xustificante da comunicación do cambio aos traballadores ou a representación legal dos traballadores.





Unha vez presentada a comunicación pola empresa, a Xunta de Galicia remitirá unha copia a Dirección Territorial da Inspección de Traballo e Seguridade Social de Galicia, para o desenvolvemento das actuacións de comprobación sobre a correcta aplicación das exoneracións das cotas da Seguridade Social.

## **PROCEDEMENTO DE EXONERACIÓN DAS COTAS DA SEGURIDADE SOCIAL**

1 No que se refire ao réxime de aplicación das exoneracións de cotas da Seguridade Social, a empresa, despois de comunicar o cambio de tipo de ERTE a Xunta de Galicia, deberá presentar unha declaración responsable ante a Tesourería Xeral da Seguridade Social. Esta declaración realizarase segundo o establecido no artigo 2.3 do Real Decreto-lei 30/2020, de 29 de setembro, é dicir:

- realizarase para cada código de conta de cotización e mes de devengo
- identificación das persoas traballadoras
- período de suspensión de contrato ou redución de xornada
- existencia ou mantemento dun ERTE
- data e forma da resolución (expresa ou por silencio) da Autoridade Laboral pola que se autorizou o ERTE.
- cumprimento dos requisitos establecidos para a aplicación das exencións

A presentación desta declaración farase a través do sistema de remisión electrónica de datos no ámbito da Seguridade Social (Sistema RED).

2 Tipos de exoneracións. A exoneración das cotas empresariais á Seguridade Social que recoñece o Real Decreto-lei 2/2021, do 26 de xaneiro, aplícanse entre o 1 de febreiro e o 31 de maio de 2021. Son diferentes segundo o tipo de ERTE que se teña autorizado e a actividade que se realice.

2.1 As empresas ou entidades que teñan un ERTE autorizado baseado no artigo 22 do RDL 8/2020 de 17 de maio, e a súa actividade estea incluída nos códigos CNAE do Anexo do novo RDL 2/2021, ou cuxo negocio dependa, indirectamente e na súa maioría, das empresas incluídas neses códigos, ou que formen parte da cadea de valor destas, concédenselles unhas exoneración do 85% para as empresas de menos de 50 traballadores e do 75% para empresas de 50 ou máis traballadores. Estas porcentaxes serán aplicables tanto a traballadores que estean afectados polas medidas de suspensión de contratos ou redución de xornada, como aos traballadores que reiniciasen a súa actividade.

2.2 As empresas ou entidades que teñan autorizado un ERTE por rebrote tamén teñen exoneración das cotas empresariais da Seguridade Social dun 100% para as empresas con menos de 50 traballadores e do 90% para empresas de 50 ou máis traballadores. Estas exoneracións serán unicamente para traballadores afectados polas medidas do ERTE.





2.3 As empresas ou entidades que teñan autorizado un ERTE por impedimento, terán unha exoneración dun 100% para as empresas con menos de 50 traballadores e do 90% para empresas de 50 ou máis traballadores. Estas exoneracións serán unicamente para traballadores afectados polas medidas do ERTE.

2.4 As empresas ou entidades que teñan autorizado un ERTE por limitación de actividade, é unicamente no que se refire aos traballadores que estean afectados polas medidas de suspensión ou redución, terán a seguinte exoneración:

2.4.1 Empresas con menos de 50 traballadores: o 100% da achega empresarial devindicada durante o mes de febreiro de 2021, o 90% en marzo de 2021, o 85% en abril 2021 e o 80% en maio de 2021.

2.4.2 Empresas de 50 ou máis traballadores: o 90% da achega empresarial devindicada durante o mes de febreiro de 2021, o 80% en marzo de 2021, o 75% en abril 2021 e o 70% en maio de 2021.

2.5 As empresas ou entidades que teñan un ERTE autorizado baseado no artigo 22 do RDL 8/2020, de 18 de marzo, pero a súa actividade non está incluída nos códigos CNAE do Anexo do novo RDL 2/2021, do 26 de xaneiro, ou cuxo negocio non dependa, indirectamente e na súa maioría, das empresas incluídas nos códigos sinalados ou que non formen parte da cadea de valor destas, non terán exoneración ningunha.

3 O Real Decreto-lei 2/2021, do 26 de xaneiro, mantén as obrigas establecidas nas normas anteriores (transparencia fiscal, prohibición de externalización de actividades e de realización de horas extraordinarias, novas contratacións, reparto de dividendos, etc.)

## **SALVAGARDA DO EMPREGO**

No que se refire á obriga de mantemento do emprego (salvagarda do emprego), as empresas ou entidades que reciban exoneracións de cotas empresariais á Seguridade Social reguladas neste novo Real Decreto-lei 2/2021, están obrigadas a manter por un novo período de 6 meses o emprego. Segundo o previsto no artigo 5 do Real Decreto-lei 30/2020, naqueles supostos nos que a empresa estivera afectada por un compromiso anterior de mantemento do emprego, este novo período de 6 meses comezará a computarse cando finalice o compromiso anterior.

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS DA XUNTA DE GALICIA**

